

#### IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

##### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 27 de xullo de 2012 pola que se resolve o concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería.*

Mediante a Orde do 23 de marzo de 2012 convocouse concurso de méritos específico entre funcionarias/os de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

En aplicación do disposto no artigo 6 da citada convocatoria, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

#### DISPÓN:

Primeiro. Facer pública, no anexo a esta orde, a adxudicación definitiva dos postos obtidos no concurso público convocado pola referida orde.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 8 da citada orde, os seleccionados quedarán adscritos aos postos obtidos con data do 1 de setembro de 2012 por un período dun ano e un máximo de seis, e con reserva do posto de traballo de orixe.

Terceiro. Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2012

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

## ANEXO

Apelidos e nome	DNI	Denominación da praza
Lage Gil, Eva María	33333662S	Once-Lugo
Quiroga Fernández, Manuel	34934544M	Consellería de Traballo e Benestar-Centro de Montealegre (Ourense)
Gómez Vázquez, Ruth	33184340D	Consellería de Sanidade-Hospital Clínico (Santiago de Compostela)
Fernández Rodríguez, Julia	36003774B	Consellería de Sanidade-Hospital Islas Cíes (Vigo)
Estévez Estévez, Nieves	34959058R	Consellería de Sanidade-Complexo Hospitalario de Ourense
Porta Rodríguez, M <sup>a</sup> Mar	76413789S	Consellería de Sanidade-Hospital Arquitecto Macide (Ferrol)
Formoso Fojo, M <sup>a</sup> del Carmen	35440083G	Consellería de Sanidade-Hospital Provincial de Pontevedra
Vázquez Vázquez, José Luis	33842270R	Ministerio de Educación, Cultura y Deporte (Programa Escolas Viaxeiras)-Lugo
Sánchez Gómez, Emilio M.	33817765Z	Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home Galicia-Lugo
Senra Arnaiz, Jesús	40854025E	IES A Sardiñeira-A Coruña
Cambón Mariño, M <sup>a</sup> Cristina	32798771N	Asociación de Diminuídos Psíquicos de Santiago-Aspas (Santiago de Compostela)